

Bioloxía e Xeoloxía

Mostraxe dunar

*Exploración libre
360º en ecosistema
dunar*



Actividade interactiva que permite ao alumnado explorar o sistema dunar e de lagoa mariña de Barra (Ponteceso) movéndose polo espazo, para descubrir como é o seu ecosistema e coñecer as especies que o habitan a través de imaxes 360º e textos explicativos.

Pódese empregar a tableta, o ordenador, o teléfono móbil e incluso lentes 3D para desprazarse polos 17 escenarios diferentes e singulares que conforman esta paisaxe, parecendo que se está alí mesmo.

■ Características destacadas:

- Experiencia audiovisual interactiva, na que o alumnado vai explorando a ría segundo o seu criterio, ao tempo que avanza na súa aprendizaxe interactuando con imaxes, vídeos 360º e textos explicativos.
- As fotografías, os vídeos e a información proceden de observacións reais feitas por especialistas.
- Permite un coñecemento preciso dunha zona de especial protección medioambiental, sen “agredir” o entorno pola presenza dun grupo

elevado de persoas.

- Reduce a pegada de CO2, ao facerse a exploración de xeito virtual, evitando o desprazamento do alumnado.

■ Idioma do contido: galego.

■ Obxectivos:

- Achegar ao alumnado ás rías galegas para coñecer as principais características que definen os seus ecosistemas.
- Facer un estudo da flora e comprobar como cambia a distribución das especies.
- Explorar a multitude de paisaxes, hábitats e formas litorais que contén unha ría, un dos ecosistemas mariños con maior biodiversidade do planeta.
- Descubrir a variabilidade da flora e da fauna da ría, comprobando como cambia segundo o fai a súa contorna.
- Proporcionar unha ferramenta virtual para a experimentación segura, controlada e guiada na contorna, simulando a presenza física no ecosistema.
- Educar e sensibilizar en valores ambientais.

- Fomentar a participación activa e a autonomía do alumnado no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dun entorno inmersivo.
- Espertar no alumnado a súa curiosidade pola ciencia.

■ Contidos:

- Principais características dos ecosistemas que conforman a ría de Corme-Laxe.
- Estudo cualitativo da biocenose vexetal que habita no sistema dunar.
- Parámetros fisicoquímicos do solo que presenta o biótopo.
- Relación existente entre os valores físico-químicos e a presenza de distintas especies vexetais.